UNIDADE 3:
CULTURA, HERDANZA E MEDIO: A DIVERSIDADE CULTURAL

1. A construción cultural do ser humano
2. A cultura
2.1. O contido da cultura
2.2. Características da cultura
3. Como se aprende a cultura
4. Teorías da evolución cultural
4.1. Difusionismo
4.2. Evolucionismo unilineal
4.3. Neoevolucionismo multilineal
5. A diversidade cultural
5.1. Subcultura
6. Atitudes ante a diversidade cultural
6.1. Etnocentrismo
6.2. Relativismo cultural
6.3. Interculturalismo

1. A construción cultural do ser humano

A meirande parte das características propias de cada especie, incluídas as pautas de comportamento, son transmitidas por medio da herdanza biolóxica. Neste senso podemos afirmar que o comportamento é unha manifestación máis da dotación xenética de cada especie animal. Agora ben, dado que existe unha correlación entre a complexidade do sistema nervioso e a conduta, as diferencias entre unhas especies e outras son, neste senso, abismais.

O que distingue aos animais, ou digamos aos animais superiores, das prantas é que, para detectar, almacenar información e reaccionar ante ela, contan con unha parte superespecializada que é o sistema nervioso. O grao de desenvolvemento dese sistema nervioso establece asímesmo diferenzas entre

as distintas especies animais, e así sucede que as especies que contan cun cerebro moi desenvolvido diferéncianse das que posúen un sistema nervioso máis simple non nas conductas que herdan, senón nas que son capaces adquirir. Non son os comportamentos herdados, senon as aprendizaxes posibles, o que fai distintas ás especies (e mesmo aos individuos). Pero cantos máis comportamentos herda biolóxicamente unha especie tantos menos será capaz de aprender.

Cada especie animal ten inscrita no seu programa xenético unha parte da información que manexa, pero tamén un conxunto específico de disposicións de aprendizaxe, que lles permite obter e almacenar información adicional referida ao seu contorno para utilizala posteriormente e aprender novos trucos para resolver problemas.

A diferenza máis importante entre os seres humanos e os demáis animais é que ademais de ter unha maior plasticidade e capacidade para adquirir coñecemento sobre o medio, somos capaces de ir contra as tendencias e os impulsos gravados en nós e de inventar desexos, establecer fins e orientar a nosa conduta de forma libre e intencionada, ata o punto que podemos considerar que o home non herda conductas. De feito, a nosa estrutura instintiva pode cualificarse de subdesenvolvida se a comparamos coa do resto dos mamíferos superiores, que chegan ao mundo con impulsos moi especializados e perfectamente delimitados. Non é que os humanos veñamos totalmente desprovistos de impulsos, o que sucede e que estes son inespecíficos e carentes de dirección.

Jean Itard, no seu informe sobre o neno salvaxe de L' Aveyron, atopado no ano 1799 perto de París, cando contaba uns once ou doce anos, e que vivira ata entón totalmente illado doutros individuos da súa especie, da conta en repetidas ocasións desta circunstancia. Recollemos unha observación que nos parece interesante para ilustrar esa falta de dirección dos nosos impulsos: "Máis sorprendente aínda e mesmo por enriba de toda explicación se me aparece, no sistema afectivo do noso rapaz, a súa indiferenza polas mulleres, aínda no medio das impetuosas alteracións dunha pubertade moi pronunciada. Estando á espectativa desta etapa como dunha fonte de sensacións novas para o meu educando, así como de suxestivas observacións para min, e espiando con

atención todos os fenómenos precursores de tal crise moral, día tras día esperaba eu o momento no que por fin un soplo dese sentimento universal que

move e multiplica a todas as criaturas viñese alentar a Víctor, ensanchando o horizonte da súa existencia moral; pero teño visto chegar, ou máis ben reventar, tan esperada pubertade e consumirse o rapaz en desexos violentos en extremo e e temerosamente persistentes, sen que se vislumbre sequera cal poida ser o seu obxecto" (Jean Itard, Víctor de L'Aveyron, Alianza, Madrid, 1982, px. 93).

Pero non é necesaria unha observación tan extraordinaria como a que relata Itard. Calquera de nós sabe que son as convencións sociais, e mesmo ás veces certos mandatos relixiosos, os que establecen cal é o modo adecuado de orientan os nosos desexos, cando non se nos indica a conveniencia de pospoñer a súa satisfación ou mesmo renunciar a ela. O mesmo sucede con outros impulsos para satisfacer necesidades: determinados preceptos relixiosos ou certas convencións culturais, prohíben aos individuos- mesmo famentos- comer certos alimentos que se atopan no seu contorno. Ningunha outra criatura do reino animal, permanecería con fame tendo ao seu alcance sustancias comestibles. O home si… pode mesmo negarse a comer ata perecer, desafiando deste modo o fin biolóxico da supervivencia.

A razón desta peculiaridade dos humanos hai que buscala en que, como xa vimos, no que respecta ao desenvolvemento orgánico, cabe afirmar que o período fetal dos humanos non remata no momento do nacemento, senon que se extende, mais ou menos, durante o primeiro ano de vida. A criatura humana segue a desenvolverse biolóxicamente cando xa ten entablado relación co ambiente, tanto natural como social. Isto implica que a direción do desenvolvemento do organismo humano está socialmente determinada, xa que o medio social actúa sobre el dende o mesmo instante do nacemento, configurando comportamentos que son produto de todas as aprendizaxes históricamente transmitidas de xeneración en xeneración. Tamén entre algúns

mamíferos e, sobre todo nos primates, aparecen de modo rudimentario un conxunto de costumes socialmente adquiridas, pero só nos humanos sucede que a totalidade do comportamento se constrúe socialmente. É por iso polo que cabe afirmar que a cultura sustitúe, no comportamento humano, aos cromosomas. É pois o feito de aprender unha cultura o que nos fai humanos.

Estamos evolutivamente tan ben preparados que dende o momento do nacemento, e tal vez antes, comezamos a aprender todo aquelo ao que estamos expostos. Algúns estudos científicos confirmaron esta hipótese observando, por exemplo, como o bebé humano axusta os seus movementos corporais á linguaxe dos adultos (ao ritmo e ao énfase da voz) e esta correlación é válida para todas as culturas. Comprobouse que cando os investigadores utilizaban linguas diferentes, o neno adaptaba os seus movementos a cada lingua.

Se os nosos primeiros movementos están asociados á lingua que falan os nosos pais e os nosos veciños, entón podemos afirmar que a) a cultura nos inflúe dende o momento que nacemos e b) o primeiro estímulo cultural vai marcarnos para toda a vida.

A cultura que aprendemos e na que nos realizamos como humanos está afectada alomenos por dúas condicións:

1) un neno (e tamén un adulto) pode aprender o que lle proporciona o seu contorno cultural, independentemente das súas características xenéticas

2) aprende de acordo coas demandas das demáis persoas do entorno (hai que ter en conta que, incluso a idades moi temperás, as demandas pode ser diferentes dependendo do xénero ou a clase

Así pois, durante a nenez as capacidades xenéticas da persoa reciben o impacto da cultura. O resultado é unha inmensa variedade na maneira de ser humanos máis alá das diferenzas xenéticas. A aprendizaxe da cultura exténse ao longo de toda a vida e a medida que a persoa medra, realiza máis eleccións e ten máis experiencia, o compoñente cultural faise máis dominante. Cada un é o que aprende e fai.

2. A cultura

O termo *cultura* pode ser usado, alomenos en dous sentidos diferentes: a) pode referirse aos aspectos non biolóxicos da humanidade no seu conxunto ou b) pode referirse á forma de vida dun determinado grupo de homes e mulleres

Pero en calquera dos casos, os antropólogos usan o termo cultura para describir a serie completa dos instrumentos que non son adquiridos xenéticamente polo home, así como todas as facetas do comportamento adquiridas despois do nacemento. Podíamos definir entón o termo cultura como *todo aquelo que o home é e fai e que non ven determinado pola súa herdanza biolóxica.*

A cultura consiste entón nunha serie de contidos de coñecemento e de pautas de conduta, adquiridos por aprendizaxe social. Podemos considerala como o almacén no que se conserva a información adquirida no pasado por cada xeración. De igual xeito que a herdanza biolóxica permite a transmisión da información xenética, a información acumulada é transmitida aos novos membros da comunidade cultural por medios non xenéticos. Así aínda que os individuos cheguemos ao mundo con unha estrutura instintiva subespecializada, que non nos permita desenvolver un comportamento “propio da especie”, non temos que aprendelo todo. Aínda que a información que cada un adquira por sí mesmo sexa pouca, a cultura pon á súa disposición todolos coñecementos que a humanidade ten ido acumulando, proporcionándolle así as diferentes solucións satisfactorias aos desafíos do

medio que os homes teñen ido atopando durante longos períodos de tempo. Deste xeito, a cultura permítenos encauzar as nosas propias eleccións, e tamén compartir aquelas experiencias novas que poden ser útiles para os nosos veciños ou descendentes. Así é como, grazas a cultura, podemos facer cousas que as nosas aptitudes biolóxicas por sí soas non nos permitirían facer.

Entre as ventaxas que os humanos obtemos da cultura, ningunha quizá tan importante como a flexibilidade na loita co ambiente. Así mentres todos os mamíferos dispoñen dalgún medio para loitar contra o frío e conservar a súa temperatura corporal, os homes foron dotándose dunha grande diversade de medios para proporcionar calor: refuxios, vivendas, vestidos, sistemas de calefacción… Pero se o clima cambia (como ten acontecido ocasionalmente), ou se un grupo humano emigra dun lugar frío a outro máis cálido, non ten máis que cambiar o seu vestuario, construír a súa vivenda de modo diferente e idear sistemas de refrixeración. Outros animais poden facer axustes biolóxicos para facer fronte a extinción, pero non dispoñen da flexibilidade humana para adaptarse cada vez que o ambiente no que viven se vexa alterado.

É pois aquí onde radica a diferenza fundamental entre os seres humáns e outros animais. As outras especies, cando teñen que encarar un problema que a súa bioloxía herditaria non pode resolver, teñen que mudar dalgunha maneira os seus mecanismos biolóxicos, antes de extinguirse. O home, e só el, cando chega á conclusión de que a súa bioloxía é pouco axeitada, escapa á extinción, non por medio dun reaxuste da súa bioloxía, senon pola adopción dunha forma de comportamento enteiramente diferente.

É precisamente isto que aparece baixo a forma de actividade non biolóxica ou extrasomática aoque os antropólogos chaman cultural. Só en ocasións moi excepcionais, nos últimos milleiros de anos, os seres humanos mudaron as súas bioloxías cando tiveron que facer fronte a drásticas mutacións do ambiente ou outros factores que ameazaban seriamente a súa capacidade de sobrevivir. En vez diso fixeron e voltaron a facer fronte aos desafíos alterando as súas culturas. Foi a diversidade dos seus mecanismos culturais o que permitíu ao Homo Sapiens, como especie, habitar en calquera lugar da terra, e durar mais que outros grupos animais que en tempos parecían mais capaces de sobrevivir.

2.1. Contido da cultura

A información que a cultura vai incorporando é de todo tipo:

a. Descriptiva: acerca de que é o que hai, de cómo é a realidade. Esa información pode estar ou non suficientemente xustificada, o que nos permite distinguir entre coñecementos obxectivos e crenzas (que poden aparecer formuladas en mitos, lendas,lendas, refráns,etc.). Coñecementos e crenzas constitúen os *elementos cognitivos* ou *ideas* dunha cultura.

b. Valorativa: acerca de que aspectos desa realidade son beneficiosos ou perxudiciais para nos, que debemos evitar e que debemos perseguir. Cada cultura establece os seus propios *valores*, inda que parece que existen algúns valores universais comúns a tódalas culturas.

c. Práctica: saber que hai que facer para aproveitarse do medio se é beneficioso ou para fuxir se e perxudicial (saber qué hai que facer para satisfacer as necesidades, para conseguir o que é desexable ou evitar o que non o é). Este tipo de información permítenos, por unha banda, orientar a nosa conducta de forma intencionada á consecución dun fin, establecendo así os *elementos normativos* ou *institucións* da cultura (normas morais, de uso social, leis...), pero tamén nos ofrece un repertorio importante de habilidades e trucos para enfrontarnos con éxito a situacións totalmente novas, interferindo se é o caso

nesa realidade para adaptala ás nosas necesidades (*técnica* ou tecnoloxía para o cuidado do corpo, para a producción, o transporte, o comercio, etc.).

A tecnoloxía e a técnica, entendidas como un conxunto de accións encamiñadas á consecución dun fin, forman parte, xunto cas ideas e as institucións, da chamada **cultura inmmaterial**, pero os artefactos tecnolóxicos constitúen, xunto cos productos artísticos e outros obxectos dotados de valor simbólico, os compoñentes materiais dunha cultura (**cultura material**).

Podemos concluír entón que a cultura consiste básicamente en coñecementos e pautas de conducta socialmente aprendidos, entre os que contamos todos os elementos antes mencionados e que, a modo de resumo, podemos clasificar en:

a. Cultura material:

- materiais con contido simbólico
- técnicas (do coidado do corpo, para a adquisición de produtos, para a produción de obxectos e instrumentos, transporte, construción comercio…)

b. Cultura inmaterial

- institucións: pautas, modelos de conduta con valor normativo (leis, normas morais, normas de uso social)
- ideas (coñecementos, crenzas, valores)

2.2. Características da cultura

A definición clásica de cultura ofrecida por Tylor pode resultar un tanto vaga, pero resume ben todo o anterior: cultura é " un todo complexo que comprende

coñecemento, crenzas, arte, moral, leis, usos e outras capacidades e usanzas adquiridas polo home en canto que é membro dunha sociedade" (Tylor, 1871)

Aínda que resulta difícil describir a complexidade da actividade cultural, imos analizar algúns dos rasgos que Tylor salienta nesta definición de cultura:

a. **É un todo complexo** porque o abarca todo, nada queda fora da cultura (mesmo a posibilidade de crítica a esa cultura) e cada un dos seus compoñentes ten relación cos demais.

b. **É adquirida** (aprendida), non é herdada, non está nos xenes portadores da información biolóxica. A cultura apréndese socialmente e –aínda que tamén ten importancia a imitación- o seu vehículo fundamental de transmisión é a linguaxe simbólica.

c. **É compartida** polos membros dunha sociedade. Non é un atributo propio de individuos illados, senón de seres sociais. É por iso que resulta imposible separar sociedade e cultura, aínda que son cousas diferentes. A sociedade é un conxunto de relacións establecidas entre os membros dun grupo; cultura é o conxunto de representacións, valores e comportamentos compartidos polos integrantes dese grupo e que só ten sentido dentro do entramado de relacións que constitúe esa sociedade.

d. É unha e plural: En tanto que a cultura consiste nunha forma peculiar de adaptación e supervivencia humana, pode considerarse única para toda a especie. Aínda que a súa diversidade se manifesta nas múltiples –e case ilimitadas- posibilidades que se ofrecen aos humanos para acadar fins semellantes, fragmentándose así nunha desconcertante formación de modalidades locais, con hábitos propios que difiren das restantes. Pero a pesar de que cada grupo humano posúe modos de ser e vivir propios, non é difícil atopar formas comúns nos contidos das diferentes culturas.

e. É histórica: o carácter inacabado do ser humano fai que deba realizarse ao longo da súa vida, elixindo entre as posibilidades que se lle ofrecen. Ademáis os humanos somos os únicos animais que temos conciencia do tempo.

A temporabilidade e o horizonte de posibilidades entre as que o home elixe, constitúen a historia, de modo que cultura e historia aparecen como dous aspectos da mesma realidade.

f. **É simbólica:** porque nos mostra a forma en que o ser humano constrúe, interpreta e expresa a realidade. Os mitos, os ritos, as relacións de parentesco ou de poder, expresan o que os humanos pensan, valoran e sinten sobre a realidade concreta na que viven.

3. Como se aprende a cultura

A interiorización paulatina da cultura comeza nada máis nacer. Neste proceso de aprendizaxe, denominado *enculturación* (os sociológos adoitan chamarlle *socialización*), temos a impresión de que aprendemos a nosa cultura como se se tratase de parte do mundo natural. Isto é posible porque como vimos a indeterminación institiva coa que nacemos os humanos, fainos radicalmente moldeables, de modo que o adulto que imos ser vai depender da enculturación que recibamos. Cada forma de ser cultural é unha forma de ser humano.

A enculturación é pois un proceso en gran parte inconsciente, pero tamén en parte consciente, a través do cal a xeración de máis idade induce, e mesmo obriga (a través dun sistema de premios e castigos), a xeración máis nova a adoptar os modos de pensar e comportarse propios do grupo social ao que pertence e a facer seus as súas ideas, crenzas, imaxes, normas e valores.

Deste modo no occidente aprendemos a comer ostras e non gatiños ou cachorros de can, que constitúen auténticas exquisiteces nalgunhas partes do mundo. Os xudeus aprenden a non comer porco, mentras que os hindús aceptarán comer porco e rexeitarán a carne de vaca. Para os occidentais bicarse é unha manifestación normal do comportamento sexual, pero en outras moitas culturas esta práctica é descoñecida ou táchase de desagradable. Todos estes

trazos distintivos do comportamento que, como lembra Anthony Giddens, son aspectos parciais de amplas diferencias culturais que distinguen unhas sociedades doutras, son aprendidos.

Esta experiencia de aprendizaxe é particularmente intensa nos primeiros anos, aínda que se mantén ao longo de toda a vida. Durante a infancia, os nenos e nenas teñen tendencia a reproducir o que lle ven facer aos demáis. Este comportamento imitativo, constitúe un dos principais mecanismos para a enculturación, xa que os adultos se encargan de canalizar esta tendencia natural do neno, mediante a aprobación e recompensa das imitacións satisfactorias, para reforzalas, e a reprobación e a sanción negativa das nos desexadas, coa fin de inhibilas.

Pouco a pouco, as conductas imitativas deixan de ter un papel preponderante (aínda que seguen a determinar a conducta durante toda a vida) e cobran importancia outros mecanismos que na infancia teñen fortes limitacións, como a transmisión e a comunicación explícita das pautas de conducta e das normas adecuadas.

A aprendizaxe de culturas diferentes á da primeira enculturación (debido, por exemplo, a emigración) sobre todo se se produce nunha idade adulta, é un proceso no que o individuo se fai máis consciente tanto da aprendizaxe como da estrañeza do que está aprendendo. Neste caso, o proceso non forma parte xa do propio desenvolvemento corporal e cerebral, non se ve como parte da contorna, senón que se presenta como unha alternativa, pode que ás veces mesmo antagónica, ao aprendido en primeiro lugar.

Unha cuestión que se plantexa sempre en todas as investigacións relativas a enculturación é a importancia da herdanza xenética na interación cos patróns culturais. Ao marxe do acento que se poña en unha e outra cuestión, o que parece indiscutible é que –coa excepción dos xemelgos idénticos- non hai dúas persoas coa mesma composición xenética, e que por tanto se enfronten ao medio cos mesmos elementos innatos. Deste modo, aínda dentro da mesma

cultura, cada un acadará de maneira diferente o equilibrio entre o carácter biolóxicamente herdado e o patrón de cultura na que se se está desenvolvendo. A persoalidade individual é pois produto dun carácter biolóxicamente herdado, modificado polas esixencias da cultura.

Ao marxe desta cuestión, resulta obvio que a continuidade das pautas culturais nunca é completa dunha xeración a outra. Non só sucede que as vellas pautas nunca se repiten con exactitude, senón que contínuamente se van engadindo outras novas. As innovacións son moito máis rápidas e profundas nas sociedades máis desenvolvidas dende o punto de vista tecnolóxico. Como constata a antropóloga Margaret Mead "Hoxe en día, en ningunha parte do mundo hai anciáns que saiban o que os nenos xa saben; non importa cuán remotas sexan as sociedades nas que viven os nenos. No pasado sempre había anciáns que sabían máis que calquera neno en razón da súa experiencia de maduración no seo dun sistema cultural. Hoxe en día non os hai" A rapidez coa que se suceden as innovacións culturais ten acadado tales proporcións, que as xeracións de máis idade, as encargadas de transmitir a cultura, se sinten desconcertadas arroiados por unhas pautas culturais que non recoñecen. O chamado "abismo xeracional" só pode explicarse polo fracaso, alomenos relativo, na enculturación. A enculturación explica a continuidade dunha cultura, pero non a súa evolución.

4. Teorías do cambio cultural

4.1. Difusionismo

Mentras que a enculturación da conta da transmisión de rasgos culturais dunha xeración a outra, a *difusión* fai referenza á transmisión de rasgos culturais de unha cultura a outra diferente.
O difusionismo é pois unha teoría que explica o cambio cultural non tanto polo propio desenvolvemento dunha cultura na que se van producindo certas innovacións, senón polos contactos que cada cultura tivo ao longo da historia con outras culturas diferentes.

Este fenómeno é tan frecuente que antropólogos como Marwin Harris, afirman que a maioría dos rasgos que atopamos en calquera sociedade, proveñen de outra distinta. Bastaría con que analizasemos os elementos fundamentais da nosa cultura para decatarnos que son "préstamos" difundidos dende outras culturas. Así o noso sistema político, a democracia, provén de Grecia; a relixión xudeo-cristiana, do Oriente Medio; algúns dos compoñentes fundamentais da chamada "dieta mediterránea", arroz, trigo, millo, patacas, tomates… de civilizacións antigas asiáticas ou da América precolombina… e a lingua galega, provén do latín.

A comezos do século XX aparecen dúas escolas, unha británica e outra alemana, que diverxen na identificación das "culturas emisoras", que son as que difundiron as pautas culturais. Mestras a **escola británica** propón a Exipto como

único núcleo civilizador e explica que os elementos civilizadores foron extendéndose ao resto do pobos en oleadas sucesivas de emigrantes e comerciantes, a **escola alemana** considera que foron varios os núcleos civilizadores e diversas as épocas de expansión, fundamentalmente a través das migracións e os medios de transporte.

4.2. Evolucionismo unilineal

Esta corrente, que adopta o paradigma evolucionista darwiniano, ten como principais representantes a Morgan e Tylor. Consideran que todas as sociedades se desenvolven pasando por unha serie de fases nunha mesma escala evolutiva. Na obra titulada *A sociedade primitiva,* Morgan expón tres estados culturais polos que necesariamente ten que ter pasado ou terá que pasar toda sociedade ata chegar ao estado civilizado: salvaxismo (sociedades cazadoras-recolectoras), barbarie (agricultura e metalurxia) e civilización (propiedade privada, escrita e sociedade política). Esta escala permite comparar as diferentes culturas e ordenalas de acordo con unha xerarquía.

4.3. Neoevolucionismo multilineal

Esta corrente iniciada no século XX por White e Kroeber, recolle as ideas de evolución e cambio, pero rexeita as simplificacións do evolucionismo unilineal e respecta as particularidades de cada cultura. Considera que a evolución cultural é unha característica da humanidade, pero sostén que non existe unha única liña para o desenvolvemento das culturas, senón múltiples patróns, de xeito que as diversas culturas son resultado de adaptacións diferentes en contextos distintos. Deste modo non hai un só criterio para clasificar as culturas en superiores e inferiores; só existen cuturas diferentes con distintos niveis de desenovolvemento. Así, unha cultura pode estar maís desenvolvida que outra se atendemos ao criterio tecnolóxico, pero moito menos se atendemos ao grao de estructuración familiar, ou ao respecto ao medio ambiente.

Dentro desta perspectiva evolucionista, White mantén que é o descubrimento de novas fontes de enerxía e a invención de novos medios para o seu aproveitamento o motor da evolución cultural. Esta teoría é coñecida como **teoría enerxética da evolución cultural.**

5. A diversidade cultural

A cultura humana, dentro da súa unidade, desprégase nunha gran multiplicidade de formas. Este fenómeno coñécese como diversidade cultural.

Os antropólogos culturais explican a pluralidade de formas culturais atendendo, fundamentalmente, a tres tipos de razóns:

a) ecolóxicas: cada grupo humano constituído como tal adáptase ao seu nicho ecolóxico,

b) históricas: cada grupo humano evoluciona dende o seu pasado transformándose gradualmente mediante a acumulación de innovacións sucesivas, e

c) xeográficas: a evolución do grupo depende do maior ou menor illamento ou contacto con outros grupos humanos.

Dende esta perspectiva, todas as culturas como formas de vida concretas dun grupo humano organizado a través dun sistema de relacións comunitarias e ambientais, se presentan como sistemas completos, aínda que, tamén, abertos a certas transformacións dende circunstancias históricas determinadas. A pesar diso, con demasiada frecuencia, téndese a obviar este feito e a considerar que hai culturas mellores e peores, máis e menos evolucionadas...

5.1. Subcultura

As sociedades primitivas tiñan unha cultura moi uniforme. As diferenzas nos comportamentos podían vir dadas pola idade ou polo sexo e mesmo por unha diferente posición social, pero en xeral a totalidade dos individuos compartían uns mesmos fins e uns mesmos ideais.

A medida que as sociedades se van facendo máis complexas, unha mesma cultura inclúe grupos que poden posuír modos de vida, pautas de conducta, valores e mesmo linguaxes diferentes aos dos outros grupos. Aínda compartindo unha mesma cultura, as diferenzas de idade, orixe socioeconómica, orixe étnico,

etc., poden condicionar determinadas eleccións e, en consecuencia, un aproveitamento diferente das posibilidades que esa cultura ofrece. Unha mesma cultura pode incluír **subculturas.**

Moitas veces, o grupo máis poderoso (a clase dominante), impón a súa cultura como o ideal de vida: por exemplo, a subcultura urbana acabouse impoñendo á subcultura rural nas sociedades occidentais industrializadas. Noutras ocasións, ese grupo dominante fai prevalecer a súa subcultura como aglutinante das demáis subculturas grupais: é o caso da cultura anglosaxona nos EEUU, que se impuxo sobre a dos indios, os afroamericanos, os hispanos, etc.

6. Actitudes ante a diversidade cultural

6.1. Etnocentrismo

Esta actitude, moi extendida, consiste en tomar a propia cultura como punto de referenza dende a cal son valoradas as demáis culturas.

Desta actitude séguense alomenos dúas consecuencias:

a) imposibilidade para comprender as demáis culturas.

Segundo o prexuízo etnocentrista, as formas de vida propias son consideradas "normais", mentres que os costumes e as tradicións alleos tenden a ser vistos como "estraños", "anormais" e mesmo "irracionais" e "salvaxes".

b) radicalización do sentemento de cohesión co propio grupo.
Deste xeito, chégase a inferir a superioridade da propia cultura que, dunha banda se debe manter "pura", sen contaminación externa, e doutra, debe facer todo o posible para estender as súas formas de vida aos outros pobos, considerados "primitivos" ou "bárbaros"

Pódese sinalar que, se ben esta atitude negativa cara á pluralidade cultural se dá na meirande parte das sociedades, está moi enraízada na sociedade occidental, que ten un alto grao de desenvolvemento científico-técnico que é identificado de forma abusiva cun maior desenvolvemento cultural e de civilización.

6.2. Relativismo cultural

O desenvolvemento da antropoloxía cultural durante o século XX, que permitiu un mellor estudo e coñecemento da diversidade de formas que ofrece a cultura humana, supuxo un duro golpe contra o etnocentrismo, ao mesmo tempo que iluminou unha nova forma de enfocar este feito: o relativismo cultural.

O relativismo cultural propón analizar as distintas culturas dende os seus propios valores e non dende os de unha cultura allea. Entende que se cada cultura atopa a súa razón de ser dentro do seu propio contexto ambiental e histórico, todas as culturas se xustifican por sí mesmas, son incomparables entre si e todas son igualmente válidas . Non é posible, polo tanto, establecer ningún tipo de crítica intercultural posto que somente **prexuízos** establecidos dende unha cultura propia, poderían levar a preferiri unha variedade cultural sobre calquera outra.

Esta actitude relativista certamente veu a cuestionar e a revisar outras actitudes de carácter imperialista, xenófobo, etc., que son difícilmente xustificables. Así e todo, tampouco resolve plenamente o problema, posto que fai imposible unha comparación avaliativa crítica capaz de lle dar paso a unha valoración obxectiva.

6.3. Interculturalismo

A diversidade de formas que adopta a cultura humana é tal que resulta imposible atopar dúas culturas exactamente iguais. En principio todas as culturas son respectables por igual dende a súa identidade propia. O interculturalismo parte pois do respecto a outras culturas, pero supera as carencias do relativismo ao propugnar un encontro entre culturas en pe de igualdade.

Este encontro é posible xa que cabe constatar que por debaixo das diferenzas latexan certas semellanzas nos mecanismos establecidos para satisfacer necesidades básicas comúns a todos os seres humanos. Os antropólogos culturais falan de **universais culturais** para se referir a eses trazos comúns a todas as culturas. Consideran que son reflexo da dignidade da persoa humana como valor universal.

Na actualidade, atopámonos ante un mundo que, mediante o desenvolvemento das novas tecnoloxías da comunicación e da información, se está a facer cada vez más *interdependente* e *policéntrico*. De xeito paralelo, nas nosas sociedades, como consecuencia dos novos fenómenos migratorios de poboación que se están a dar e do desenvolvemento das relacións internacionais, convivimos en grupos humanos de diversas nacionalidades e culturas, o que fai máis multiculturais ás sociedades.

O modelo intercultural trata de facer compatibles a diferenza e a diversidade co principio de igualdade e trata de erradicar a situación real de asimetría, de desigualdade e até de dominio que compoñen as nosas sociedades multiétnicas e multiculturais. Isto só é posible a través dun diálogo realizado en condicións de absoluta igualdade e simetría.

Na actualidade, para designar esa dinámica de relacións da diversidade cultural, estase a empregar o termo **interculturalidade**, unha palabra relativamente nova que xurdiu nos ámbitos de reflexión filosófica. É unha palabra nova que designa

unha maneira nova de entender as cousas. Podemos dicir que a interculturalidade é unha relación de harmonía entre as culturas; ou doutro xeito: unha relación de intercambio positivo e convivencia social entre actores culturalmente diferenciados.

En todas as épocas, o contacto e maila intercomunicación cultural enriqueceron e fixeron medrar as culturas. No presente, o grande reto dende o punto de vista ético é procurar un modelo cultural homologable universalmente, resultado de achegas de todas as culturas; o gran risco é a imposición universal dun modelo cultural, porque como advirte Ruffié "*a diversificación cultural que constituía a orixinalidade da humanidade e sustituía no psicosocial a diversificación biolóxica, tende a desaparecer hoxe en día. Dous ou tres séculos atrás unha certa conxuntura histórica empezou a impoñer a cultura occidental europea como cultura dominante, a un sector cada vez maior da especie humana. O avance tecnolóxico de occidente e as condicións que reinaron durante todo o período industrial (que foi tamén o período colonial) deron unha maior amplitude a este movemento e despois das transformacións económicas e políticas que tiveron lugar trala Segunda Guerra Mundial, moitas culturas tradicionais iniciaron un rápido proceso de desaparición.*

Para o grupo humano, este empobrecemento cultural é tan perigoso como o empobrecemento xenético para un grupo animal: tanto se se sitúa no nivel biolóxico como no nivel cultural, o monomorfismo comporta os mesmos perigos. Desde hai algúns anos inténtase protexer as especies en vías de desaparición. Faría falla protexer as culturas ameazadas coa mesma preocupación, xa que a súa multiplicidade constitúe a riqueza da humanidade e a súa garantía de supervivecia" (Ruffié, J.*; De la Biología a la cultura*)